

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*RESOLUCIÓN do 11 de agosto de 2023 pola que se publica a relación definitiva das solicitudes beneficiarias, as desestimadas e as inadmitidas, ao abeiro da Orde do 13 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos galegos que na tempada 2022/2023 ou 2023 contén con licenzas de deportistas con discapacidade, para a adquisición de equipamentos deportivos para deporte adaptado, incluído no Plan de promoción da igualdade no deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE401B).*

Antecedentes:

No *Diario Oficial de Galicia* número 80, do 26 de abril de 2023, publicouse a Orde do 13 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos galegos que na tempada 2022/2023 ou 2023 contén con licenzas de deportistas con discapacidade, para a adquisición de equipamentos deportivos para deporte adaptado, incluído no Plan de promoción da igualdade no deporte no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE401B) (corrección de erros no DOG núm. 84, do 3 de maio de 2023).

Unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, o 19 de xuño de 2023 publicouse no DOG a Resolución do 8 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas as listaxes de solicitudes suxeitas a emenda, de solicitudes provisionalmente inadmitidas e admitidas, que establecía un prazo de dez (10) días hábiles para formular reclamacións, emendar erros e a falta de documentación.

Con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes (26 de maio) catro entidades presentaron a desistencia da súa solicitude por renuncia.

Unha vez pechado o prazo de reclamacións, emenda de erros e falta de documentación, o órgano instrutor remite aqueles expedientes administrativos que cumpren todos



os requisitos e reúnen toda a documentación necesaria á comisión encargada da súa valoración.

O 12 de xullo de 2023 tivo lugar a Comisión de Valoración, que emite o seu informe cunha relación das solicitudes presentadas ordenadas por orde de prelación de maior a menor puntuación en aplicación dos criterios de baremación establecidos na base 16ª das bases reguladoras da Orde do 13 de abril de 2023, e a proposta de concesión de conformidade co crédito asignado á convocatoria.

O 19 de xullo de 2023, non figurando no procedemento outros feitos nin outras alegacións ou probas que as achegadas polos interesados, o órgano instructor formulou proposta de resolución definitiva.

A concesión destas subvencións será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.781.0, convocatoria para equipamento deportivo ás entidades deportivas, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ata un importe máximo de 226.754 € (douscentos vinte e seis mil setecentos cincuenta e catro euros).

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano competente para ditar as resolucións de subvencións de acordo co disposto no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A Subdirección Xeral de Plans e Programas é o órgano competente para a instrución do procedemento e elevará proposta de resolución, conforme todo o actuado, á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte.

Segunda. As solicitudes, os equipamentos solicitados, as contías e os trámites dos expedientes axústanse ao establecido na devandita convocatoria e bases reguladoras. As solicitudes aceptadas foron presentadas dentro do prazo establecido na orde de convocatoria. Examinados os expedientes, e logo do estudo das emendas presentadas, comprobouse que as solicitudes para as que se propón subvención compren todos os requisitos establecidos na convocatoria e nas bases reguladoras das citadas subvencións.

Terceira. De acordo co disposto na base 17ª.4 poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.



Cuarta. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación no DOG producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte <https://deporte.xunta.gal>

Quinta. Unha vez acreditadas as actuacións levadas a cabo pola Comisión de Valoración a que se refiren os artigos 15 e 16 da Orde do 13 de abril de 2023, e con base na proposta formulada pola Secretaría Xeral para o Deporte, do 21 de xullo de 2023, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Outorgar as subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos adaptados que se recollen no anexo I desta resolución, ordenadas por orde decrecente dos puntos acadados. No anexo determínase o investimento subvencionable e a axuda concedida.

De conformidade coa base 5ª das bases reguladoras da convocatoria, a intensidade da axuda será do 80 % do investimento subvencionable; ata o límite de 5.000 € previsto na citada base. Non obstante, dado que non se esgotou o crédito da convocatoria, o crédito excedente que ascendeu a 42.313,64 € incrementou a contía máxima por entidade beneficiaria de forma proporcional en función do equipamento solicitado. A porcentaxe restante ata o importe do orzamento subvencionable será por conta da entidade beneficiaria.

Segundo. Desestimar o outorgamento das solicitudes de subvención e declarar inadmitidas as entidades que se recollen no anexo II desta resolución, ordenadas polo número de expediente.

Terceiro. Poderase realizar o pagamento do 100 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, segundo o anexo V da orde de convocatoria, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta. A solicitude de pagamento anticipado poderase remitir ata o prazo dos dez (10) días seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión das subvencións.



Cuarto. As entidades beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas na base 23ª das bases reguladoras que figuran no anexo I da Orde 13 de abril de 2023.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2023

Diego Calvo Pouso  
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia,  
Xustiza e Deportes

### ANEXO I Subvencións concedidas

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Equipamento solicitado	Orzamento subvencionable	Puntuación	Subvención proposta
DE401B-2023-00000035-00	Club Deportivo Minauta	G36834240	Embarcación e remolque	22.155,10	77,5	14.928,24
DE401B-2023-00000015-00	Club de Esgrima de Vigo El Olivo	G36869873	Luces de reacción e sinalizador	2.340,21	76	1.872,17
DE401B-2023-00000024-00	Quenlla Surf Clube	G27864032	Táboas surf adaptadas e neoprenos adaptados	6.240,99	74	4.992,79
DE401B-2023-00000029-00	Club Náutico Folixa	G15440969	Embarcación adaptada	9.000,00	73,5	6.716,60
DE401B-2023-00000051-00	Club Deportivo Akai Ryu	G70294863	Diverso equipamento de adestramento adaptado á discapacidade sensorial	2.627,25	73,3	2.101,80
DE401B-2023-00000005-00	Club de Mar Ría del Aldan	G36043149	Embarcacións adaptadas	7.342,00	70,7	5.681,65
DE401B-2023-00000046-00	Club Piragüismo Ciudad de Lugo	G27107176	Embarcacións adaptadas	6.074,20	69,5	4.859,36
DE401B-2023-00000034-00	Adeco-Dea	G15257645	Diverso equipamento náutico adaptado a persoas con discapacidade	6.340,40	67,5	5.056,43
DE401B-2023-00000009-00	C. Kayak Tudense	G36029908	Embarcación adaptada, pas e ergómetro	6.250,00	66	5.000,00

CVE-DOG: vy0npl13-s2b7-5tr4-jl9-s9a39du2lb18



Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Equipamento solicitado	Orzamento subvencionable	Puntuación	Subvención proposta
DE401B-2023-00000050-00	Club Náutico Inclusivo Baixo Miño	G72660277	Material náutico adaptado	4.980,00	65,5	3.984,00
DE401B-2023-00000002-00	Club Fluvial Avión	G32385304	Embarcación adaptada, pas e chalecos	6.217,00	65,2	4.973,60
DE401B2023- 00000017-00	Club Deportivo Delikia	G67788828	Runbike	2.232,45	65	1.785,96
DE401B-2023-00000044-00	Agrupación Deportiva Minusválidos Ferrol	G15124449	Cadeiras de rodas multideporte	6.700,00	63,5	5.280,90
DE401B-2023-00000040-00	Club Fluvial de Lugo	G27008549	Embarcacións adaptadas	6.328,30	63	5.048,88
DE401B2023- 00000019-00	Club Ría de Betanzos	G15128853	Embarcacións adaptadas	4.500,00	61,5	3.600,00
DE401B-2023-00000027-00	Club Deportivo Inclusivo Enki	G70505276	Diverso equipamento de adestramento adaptado á persoas con discapacidade	6.250,00	61	5.000,00
DE401B-2023-00000031-00	Grupo de Montaña Alud	G36897437	Diverso equipamento de escalada adaptado a persoas con discapacidade	5.000,00	61	4.000,00
DE401B-2023-00000042-00	Asociación Ámbar	G15052434	Diverso equipamento de adestramento adaptado á persoas con discapacidade	2.919,21	60,5	2.335,37
DE401B-2023-00000053-00	Agrupación Deportiva Sodim	G27727965	Material náutico adaptado	9.500,00	60,5	7.028,71
DE401B-2023-00000055-00	Spsco Watersports	G72747983	Cadeira de rodas hippocampe e accesorios	5.607,02	60,5	4.485,62
DE401B-2023-00000036-00	Club Tennis de Mesa Mos	G27873686	Cadeira e protectores	5.860,12	60	4.688,10
DE401B-2023-00000041-00	Club Piragüismo Vilaboa	G36163681	Embarcacións adaptadas	4.598,00	59	3.678,40
DE401B-2023-00000028-00	Asoc. Doma Adaptada Galicia	G67700237	Diverso equipamento adaptado a persoas con discapacidade	1.499,99	58,5	1.199,99
DE401B-2023-00000004-00	Wind Club Aguete	G72779796	Base de guindastre, guía e braga de transferencia	3.968,80	58	3.175,04
DE401B-2023-00000010-00	Club Piragüismo Illa de Arousa	G36042067	Embarcacións adaptadas	4.598,00	57,2	3.678,40
DE401B-2023-00000006-00	Asociación Deportiva e Cultural Bolboretas. A Coruña Dragon Boat Bcs	G67861476	Embarcación adaptada e pas	15.187,46	55,5	10.578,92
DE401B-2023-00000025-00	Club de Remo de Ares	G15102254	Embarcación adaptada	8.175,00	55,5	6.201,62



Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Equipamento solicitado	Orzamento subvencionable	Puntuación	Subvención proposta
DE401B-2023-00000037-00	Club Marítimo Deportivo e Cultural Breogán do Grove	G36015634	Embarcación adaptada e pas	7.785,00	54,5	5.958,17
DE401B-2023-00000008-00	Club Piragüismo Rías Baixas	G70196126	Embarcación adaptada e pas	6.080,40	53,5	4.864,32
DE401B-2023-00000049-00	Club Cabanas Kdm	G70345970	Embarcacións adaptadas	5.400,00	53	4.320,00
DE401B2023- 00000016-00	Monte Real Club de lates de Baiona	G36623346	Material náutico adaptado	22.926,00	52,5	15.409,45
DE401B-2023-00000021-00	Escola Xadrez de Pontevedra	G94022498	Xogos xadrez adaptados e outro equipamento adaptado	2.278,94	52	1.823,15
DE401B2023- 00000018-00	Club do Mar de Noia	G15120744	Embarcacións adaptadas	19.065,00	51,5	12.999,35
DE401B-2023-00000020-00	Asociación de Boxeo de Pontevedra	G36459741	Diverso equipamento de boxeo adaptado á discapacidade sensorial	7.850,00	50,7	5.998,75
DE401B-2023-00000007-00	Club Galicia Waterman	G70356191	Equipamento paddlesurf híbrido adaptado	3.999,99	50,5	3.199,99
DE401B-2023-00000056-00	Club Natación Galaico	G36217461	Cadeira anfibia mariña	2.495,00	49,5	1.996,00
DE401B-2023-00000059-00	Club Hípico Equo Alalma	G01731843	Chalecos airbag	2.120,02	48,5	1.696,00
DE401B-2023-00000023-00	Asociación de Escaladores Ourensáns	G32341943	Equipamento escalada adaptado	5.203,00	48	4.162,40
DE401B-2023-00000039-00	Societario De Cazadores Terra Chá	G27304542	Diverso equipamento de tiro adaptado a persoas con discapacidade	4.440,00	47	3.552,00
DE401B-2023-00000047-00	Club Pulpeiros Mugaridos	G70532692	Bicicleta adaptada	6.769,40	46	5.324,22
DE401B-2023-00000003-00	Imua Paddle Surf Club Aguete	G09723636	Cadeira anfibia, arnés e freos hippocampe	5.163,00	43,5	4.130,40
DE401B-2023-00000026-00	Club Tenis de Mesa Cidade de Narón	G15892946	Mesas e robot para adestramento autónomo de tenis de mesa	5.180,00	43,2	4.144,00
DE401B-2023-00000033-00	Club de Tenis As Termas	G27419423	Cadeiras de rodas adaptadas	6.250,00	39	5.000,00
DE401B-2023-00000022-00	Clube de Piragüismo Altruán de Ribadeo	G27282946	Embarcación adaptada	2.785,00	34	2.228,00
DE401B-2023-00000062-00	Club Kenpo Vilagarcía	G36576353	Diverso equipamento de adestramento adaptado a persoas con discapacidade	3.641,88	22,5	2.913,50
DE401B-2023-00000048-00	Club Hípico La Cruz	G27453042	Diverso equipamento hípico adaptado a persoas con discapacidade	6.413,00	13,5	5.101,75
						226.754,00

CVE-DOG: yy0npk13-s2b7-5tr4-jl9-s9a39du2lb18



**ANEXO II**  
**Solicitudes desestimadas, por renuncia e por inadmisión**

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Provincia	Motivo inadmisión/desestimiento
DE401B-2023-00000001-00	Club Patins Lóstregos Lucus	G27267483	Lugo	Renuncia
DE401B-2023-00000011-00	Club de Patinaxe Artístico Ribex	G27718113	Pontevedra	Renuncia
DE401B-2023-00000012-00	Club Patinaxe Artístico Luar	G36202513	Pontevedra	Renuncia
DE401B-2023-00000013-00	Centro Ecuestre Rías Baixas	G67735977	Pontevedra	Renuncia
DE401B-2023-00000014-00	Club Basketmi-Ferrol	G15282221	A Coruña	Non acredita estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á AEAT
DE401B-2023-00000030-00	Club Patinaxe Artístico Coruxo	G27865831	Pontevedra	Non acreditan que contan con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1). O equipamento non está destinado para a práctica de deporte adaptado (base 4ª). A data do acordo do órgano competente da entidade solicitante, polo cal se solicita a subvención, non foi adoptado no prazo establecido na base 9ª.1.a)
DE401B-2023-00000032-00	Club Ciclista Ribeira Sacra	G10957454	Lugo	Non se adecúa ao equipamento deportivo subvencionable (base 4ª): non é inventariable e non está destinado para a práctica de deporte adaptado. Non achega certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga, certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social
DE401B-2023-00000038-00	Patos Surf Club	G36796209	Pontevedra	A solicitude non cumpre os requisitos mínimos para ser admitida, xa que non especifica o equipamento solicitado, e non acredita que estea destinado para a práctica de deporte adaptado (base 4ª) Non achega: anexo II (incompleto), anexo III, anexo IV (non se xustifica que o equipamento solicitado sexa para a práctica de deporte adaptado), anexo IX, anexo X, anexo XI, certificado do número de licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade con que contan na entidade
DE401B-2023-00000043-00	Club Deportivo Calasancio	G27104736	Lugo	Non se adecúa ao equipamento deportivo subvencionable (base 4ª): non está destinado para a práctica de deporte adaptado
DE401B-2023-00000045-00	Asoc. Club De Bolos Belesar Urgal	G36742914	Pontevedra	Non acreditan que contan con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1). O equipamento solicitado non está destinado para a práctica de deporte adaptado (base 4ª)
DE401B-2023-00000052-00	Iff Coirós	G70594684	A Coruña	Non acreditan que contan con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1)
DE401B-2023-00000054-00	Xuncas Diversia	G42910364	Lugo	Non acreditan que contan con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1), ata a data de publicación da convocatoria
DE401B-2023-00000057-00	Club Deportivo Escuela Ayude	G70159959	A Coruña	Non acreditan que contan con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1)
DE401B-2023-00000058-00	Fundación Celta de Vigo	G36810042	Pontevedra	Non achega certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga





Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Provincia	Motivo inadmisión/desestimo
DE401B-2023-00000060-00	Club Ximnasia Rítmica María Barbeito	G15803786	A Coruña	O equipamento inventariable subvencionable, unha vez excluído o equipamento non inventariable (maillots), non acada a contía establecida como gasto mínimo subvencionable (base 5ª)
DE401B-2023-00000061-00	Fundación Real Club Deportivo, S.A.D.	G70519400	A Coruña	O equipamento inventariable subvencionable, unha vez excluído o equipamento non inventariable, non acada a contía establecida como gasto mínimo subvencionable (base 5ª). Non inscrito no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia (base 3ª.2).
DE401B-2023-00000063-00	Club Náutico de Cangas	G36457877	Pontevedra	Non acreditan que conten con licenzas (específicas ou non) de deportistas con discapacidade (base 3ª.1), ata a data de publicación da convocatoria
DE401B-2023-00000064-00	Sociedade Deportiva Antas	G27124205	Lugo	Non se adecúa ao equipamento deportivo subvencionable (base 4ª): non é inventariable e non está destinado para a práctica de deporte adaptado
DE401B-2023-00000065-00	Club Deportivo CTM Vigo	G27779016	Pontevedra	Non achega certificado de titularidade da conta bancaria indicada no anexo II, anexo III, anexo IX, anexo X, anexo XI

